



**FUNDACIÓN PÚBLICA CIDADE DA
CULTURA DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
UNIVERSIDADE**

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2022 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. Descrición da entidade

A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, a Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999 como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Por Orde da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26, do 08/02/2000) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta co número 73. Forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Fundación ten por obxecto a “creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural. Segundo o previsto no artigo 6 dos seus estatutos, este desenvolvemento do obxecto fundacional poderá realizarse directamente pola Fundación ou mediante colaboración con outras entidades, organismos, institucións ou persoas que contribúan á consecución dos fins fundacionais.

A Fundación rexerese pola vontade do fundador expresada nos estatutos, os cales foron modificados coa autorización do Consello da Xunta mediante acordo adoptado o día 24 de setembro de 2015. Sonlle de aplicación, igualmente, as disposicións que en interpretación e desenvolvemento dos mesmos establece o padroado, a Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, o Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, o Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o Rexistro de fundacións de interese galego, e as demais normas que as desenvolvan ou substitúan, así como polo resto da normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación ás fundacións en cada momento

Pola súa condición de fundación do sector público de Galicia, tamén lle será aplicable a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o Decreto 217/2008, de 25 de setembro, polo que se regula o contido mínimo das propostas de creación de novas entidades do sector público autonómico, a normativa reguladora do réxime financeiro e orzamentario de Galicia, a Lei de contratos do sector público, nos aspectos que procedan, e calquera outra disposición normativa que lle resulte de aplicación de aplicación en cada momento.

Para a consecución dos fins mencionados, a Fundación pode realizar as seguintes actividades (artigo 7 dos seus estatutos):

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que serva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.

c) As tendentes a propiciar o achegamento da Cidade da Cultura de Galicia dun xeito físico á cidadanía, servindo como espazo de desenvolvemento de actividades non estritamente culturais, con especial énfase no lecer, o contacto coa natureza e o deporte.

d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.

e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

f) As axeitadas para posicionar o Gaiás como referente internacional de reflexión, debate e formación no ámbito da innovación na xestión cultural, que contribúa á profesionalización dos diferentes axentes e das súas iniciativas.

g) As que impulsen o emprendemento empresarial no ámbito das industrias culturais e creativas, con especial énfase en proxectos que favorezan a innovación, tanto tecnolóxica como non tecnolóxica, e a súa transferencia aos sectores máis maduros do tecido produtivo, servindo como plataforma de desenvolvemento e promoción da marca país Galicia.

h) As actividades e accións que contribúan a converter á Cidade da Cultura de Galicia nun proxecto economicamente sostible e socialmente rendible, incorporando novos socios estratéxicos, tanto públicos como privados, e diversificando as fontes de financiamento para acadar a sustentabilidade do proxecto con independencia do ciclo económico.

1.1.1. Obxectivos

EIXO	DESCRIPCIÓN EIXO
4	SOCIEDADE DIXITAL, LINGUA, CULTURA E REFORZO DO PESO DE GALICIA NO SEU ENTORNO

EIXO	PRIORIDADE ACTUACIÓN	DESCRIPCIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN
4	4.1.	APOIO INDUSTRIA CULTURAL E DE MEDIOS COMO FONTE DE RIQUEZA

No exercicio 2022, cinco son as liñas de actuación previstas para o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos definidos anteriormente:

1) No eido da promoción e comunicación, acorde co actual momento marcado por unha tendencia ao incremento do nivel de actividade da Cidade da Cultura, as necesidades a satisfacer teñen en conta os seguintes factores:

- O progresivo levantamento das restricións sanitarias derivados da pandemia e a perspectiva de recuperación da normalidade en canto a formato e capacidade de público dos eventos.

- A celebración do segundo ano do Xacobeo 2021-2022, no que a Cidade da Cultura está a xogar un papel notable, acollendo un programa de actividades que levan asociadas necesidades de comunicación e teñen una afectación sobre este orzamento.

- A organización e promoción de actividades da Cidade da Cultura fóra dos espazos do Gaiás, como o programa de itinerancias de exposicións ou a previsión da organización de mostras producidas pola CdeC fóra dos espazos da CdeC.

- O posta en marcha do Fontán, que representa a apertura dun novo eixe de traballo na CdeC orientado a promoción da investigación no eidos dos estudos do patrimonio e da innovación educativa.

As previsións orzamentarias fan eco do incremento do custo medio dos actos con medios de comunicación, ao demandarse retransmisións en streaming, alugueiro de pantallas de gran formato e conexións telemáticas por videoconferencia. Aumentase tamén as partidas vencelladas á creación e difusión de contidos audiovisuais e dixitais debido ao correlativo aumento de eventos que precisan de cobertura audiovisual. O orzamento do 2022 contempla unha previsión para implementación de melloras na web e nas plataformas dixitais que emprega a Cidade da Cultura para dar resposta ás demandas internas e aos sistemas de inscrición nos eventos, diminuindo o custo destinado á produción de contidos editoriais e a distribución de materiais publicitarios en papel.

Na folla de ruta marcada polo II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia, pendente de aprobación, e dentro da súa planificación operativa, as estratexias de comunicación pretenden contribuír ao fortalecemento do papel da Cidade da Cultura como destino creativo e de relevancia turística en función do seu carácter arquitectónico, cultural, verde e de espazo de calidade.

2) No que atinxe á programación cultural, os eixos da programación cultural sinteñen en cinco capítulos principais (exposicións, música e escena, letras e pensamento, actividades en familia, e visitas (accións divulgativas). A programación cultural, considerando a gran reflexión que neste eido provocou a incidencia da pandemia, así como os retos de futuro plasmados no II Plan Estratéxico da Cidade da Cultura de Galicia (pendente de aprobación), terá en conta os seguintes obxectivos específicos:

- Favorecemento e promoción dos procesos de creación e xeración de contidos en todos os eidos das artes e a cultura, converténdose a Cidade da Cultura de Galicia nun produtor de contidos de calidade, especialmente expositivos, para espazos culturais de Galicia e do exterior, e establecendo pontes e relacións bidireccionais entre o Gaiás e outras institucións e realidades, consolidando á Cidade da Cultura como rótula do sector cultural galego. Neste senso, destaca á aposta polos seguintes programas de apoio á creación artística (programa de Residencias artísticas e literarias, xa iniciado no ano 2021, intervencións en Torres Hedjuk, Clásicas Desfeitas, Reb/veladas na paisaxe), así como ás itinerancias das exposicións “Galicia Futura”, “Cidades no Tempo” e “Camiño Portugués”. A destacar a iniciativa “Facendo novos Camiños”, que trata de activar a creación de artistas emerxentes galegos, promovendo unha convocatoria ou convite para crear tres pezas artísticas: unha peza musical, outra de danza e outra escénica inspiradas no Camiño de Santiago. Con esta iniciativa estase a promover o talento dos novos creadores e posibilitar que o traballo se desenvolva noutros espazos escénico.

- Promoción do ano Xacobeo 2021-222, con actuacións xa explicadas “Facendo novos camiños”, ou exposicións que afondan o fenómeno xubilar dende perspectivas novidosas (“Camiños creativos” “As pegadas no Camiño” e a xa mencionada “O Camiño Portugués”).

- Colaboración e soporte de iniciativas con institucións culturais e educativas, promovendo o traballo colaborativo (Biblioteca Nacional, Acción Cultural Española, Fundación La Caixa, Afundación, Universidades “Residencias Campus Crea”, institucións museísticas que acubillan á obra de artistas relacionados con Galicia).

- Desenvolvemento dunha programación cultural de distintos formatos e ámbitos de interese para a sociedade, estendendo a súa acción ao dixital e explorando as relacións entre a cultura, o territorio e a paisaxe. Continuidade da programación familiar, das visitas e accións divulgativas (combinando o presencial co virtual) e medioambientais, e dos ciclos como Atardecer no Gaiás e Escenas do Cambio.

3) Polo que respecta ao Centro de Emprendemento, o 2022 afróntase o reto de desenvolver actividades de asesoramento especializado e formativas, que amplíen os servizos que actualmente se presentan, dende unha óptica que supere o enfoque espacial para centrarse nunha auténtica factoría de industrias culturais e creativas.

4) No que se refire á rendibilidade dos espazos mediante a súa posta en valor económica, procurárase dar solucións ás distintas iniciativas culturais e tecnolóxicas, tanto temporais como permanentes, que queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás, nun contexto onde os eventos tenden a mesturar a presenza cos retransmisións daqueles por outras canles dixitais. A posta en funcionamento de elementos comúns do Edificio Fontán (auditorios, pequenas aulas), previsto para finais do ano 2021, provocará un aumento da oferta de espazos co seu correspondente valor.

5) No capítulo de investimentos, varios son os proxectos de interese a iniciar no ano 2022, unha vez rematada as obras de urbanización da denominada fase II e rematada as obras de construción do edificio Fontán. Contando co financiamento da Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, preténdese iniciar a construción dun novo edificio que albergará o Centro de Ciberseguridade de Galicia. Contemplase tamén unha consignación orzamentaria co fin de acondicionar espazos nos sotos, para usos culturais na Cidade da Cultura de Galicia. Por outra banda, coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento de ideas culturais e creativas, prevese unha aplicación orzamentaria para o deseño e construción do que se denomina "Novos espazos de creación". Outras obras, dotacións e equipamentos se especifican de seguido:

- Equipamento básico común para o Edificio Fontán.
- Mellora da rede Wifi, dotación de audiovisuais e infraestruturas de telecomunicacións, especialmente no Edificio Fontán.
- Renovación da páxina web.
- Remodelación do acceso do vial norte e do campo de lecer.
- Captación e mellora da rede de auga.
- Subministro de compactos na Biblioteca de Galicia.
- Proxecto de accesibilidade universal e melloras no tránsito peonil.

Para finalizar, unha mención específica sobre o incremento das transferencias correntes a percibir con respecto ao orzamento do ano 2021 (un 13% aproximadamente), derivado da necesidade de afrontar novos e maiores gastos de funcionamento do complexo, concretamente os que derivan de:

- Posta en funcionamento do Edificio Fontán.
- Incremento dos custos derivados da retransmisión de eventos e funcionamento de Plató.
- Incremento do prezos dos subministros enerxéticos.
- Servizos de consultoría específica para o emprendemento cultural e creativo.
- Posta en marcha de programas derivados do II Plan Estratégico.

I.1.2. Obxectivos e indicadores

OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉXICO/ INTERMEDIO	2022	2023	2024
4.1.1	Aumentar a oferta e consumo cultura	15.501.521	14.845.985	12.805.826
	TOTAL	15.501.521	14.845.985	12.805.826

OBX OPERATIVO	DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO	2022	2023	2024
3	desenvolver dende a CdC programa interdisciplinar de acción cultural	15.501.521	14.845.985	12.805.826
	TOTAL	15.501.521	14.845.985	12.805.826

INDICADOR	DESCRIPCIÓN INDICADOR	2022	2023	2024	UNIDADES
01	Eventos e actividades culturais	180	200	200	Número de eventos
02	Asistentes a actividades culturais	200.000	210.000	210.000	Número de persoas
03	Apio directo á creación artística	15	15	15	Número de accións
04	Proxectos de investigación cultural	10	10	10	Número de proxectos
05	Participación con artistas emerxentes	85	100	100	Número artistas emerxentes
06	Xeración de contidos culturais	20	20	25	Número de iniciativas
07	Actividades didácticas	30	35	35	Número de actividades
08	Divulgación medio ambiental	9	10	10	Número de eventos divulgativos
09	Eventos alleos a Acción Cultural	450	459	470	Número de eventos
10	Ocupación espazos CEM	95	100	100	Porcentaxe ocupación
11	Asistentes a activ. emprendedoras	5.000	6.000	7.000	Número de asistentes
12	Socios Club Gaiás	5.500	6.000	6.500	Número de socios
13	Seguidores en redes sociais	100.000	110.000	120.000	Número de seguidores
14	Impactos en medios comunicación	1.750	1.785	1.821	Número de impactos
15	Roldas prensa e actos presentación medios	60	60	60	Número de actos
16	Usuarios BBDD para recibir información act.	17.000	18.000	19.000	Número subscricións
17	Accesos páxina Web cidadedacultura.org	330.000	336.600	343.332	Número accesos
18	Notas de prensa enviadas a medios	115	120	120	Número notas de prensa

I.2. Inversións

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
ACCESIBILIDADE UNIVERSAL	2.022	2.023	300.000	150.000	1538078

INVESTIMENTO PROXECTO	ANO INICIAL	ANO FINAL	CUSTO TOTAL	ORZAMENTO 2022	CONCELLO
ACOND SOTOS USOS CULTURAI	2.022	2.024	4.500.000	450.000	1538078
AMPLIACION E REFORMA CEM	2.021	2.022	45.000	15.000	1538078
AUDIOVISUAIS SALAS/AUDIT E EQUIP/APLICAC.	2.022	2.022	100.000	100.000	1538078
BOSQUE GALICIA F.3. E ACON. LINDES	2.021	2.023	384.000	189.000	1538078
CAPTACION/MELLORA REDE AUGA	2.022	2.023	150.000	75.000	1538078
COMPACTOS E EQUIP. BIBLIOTECA	2.022	2.022	175.000	175.000	1538078
EDIFIC. CIBERSEGURIDADE	2.022	2.024	3.200.000	1.585.238	1538078
EQUIPAM. BÁSICO COMÚN FONTAN	2.021	2.022	250.000	150.000	1538078
MELLORA ENTORNO AP9	2.022	2.023	140.000	110.000	1538078
MELLORA SALA EISENMAN	2.022	2.022	100.000	100.000	1538078
MELLORA TRÁNSITO PEONIL	2.022	2.024	3.250.000	250.000	1538078
NOVOS ESPAZOS CREACION	2.022	2.024	600.000	200.000	1538078
OBRA EDIF.FONTAN LIQUIDACION	2.021	2.022	1.600.000	400.000	1538078
OUTRAS DOTACIONES E EQUIPAMENTOS	2.022	2.024	526.000	226.000	1538078
REDE COMUNICACION WIFI	2.022	2.022	210.000	210.000	1538078
REMODELACION ACCESO VIAL NORTE	2.022	2.023	150.000	75.000	1538078
REMODELACION CAMPO LECER	2.022	2.022	250.000	250.000	1538078
RENOVACIÓN PÁX. WEB	2.022	2.023	100.000	75.000	1538078
TELECOMUNICACIONES FONTAN AUDITORIO	2.021	2.023	820.000	600.000	1538078
URBANIZACION FASE II LIQUIDACION	2.022	2.022	450.000	450.000	1538078
		TOTAL	17.300.000	5.835.238	

I.3. Territorialización

CONCELLO	GASTO DE PERSOAL	OUTROS GASTOS CORRENTES	GASTOS DE CAPITAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA	1.402.360	8.263.923	5.835.238
TOTAL	1.402.360	8.263.923	5.835.238

I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

INGRESOS

Vendas e outros ingresos de explotación

INGRESOS	2022	2023	2024
COLABORACIÓN E OUTRAS ACHEGAS	2.570.000	1.400.000	1.400.000
INGRESOS POR ACTIVIDADE MERCANTIL	15.000	12.000	12.000
OUTROS INGRESOS	9.273	10.000	10.000
RENDAS E OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS	579.958	539.909	507.648
VENDAS E PRESTACIÓN SERVIZOS ACTIVIDADES PROPIAS	20.000	20.000	20.000
TOTAL	3.194.231	1.981.909	1.949.648

Transferencias e subvencións de explotación recibidas

SUBVENCIÓNS CORRENTES RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACION E UNIVERSIDADE	5.012.052	5.730.052	6.480.052
TOTAL	5.012.052	5.730.052	6.480.052

GASTOS

Gastos de persoal

	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Nº Empregados	30	30	33
Custo Total	1.249.257	1.238.447	1.402.360
Custo Medio	41.642	41.282	42.496

Servizos exteriores

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022	PREVISIÓN 2023	PREVISIÓN 2024
621 ALUGUEIROS E RENTING	8.475	6.673	1.700	0	0
622 REPARACIÓNS, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO XERAL	829.344	842.876	1.263.607	1.288.879	1.314.656
623 SERVIZOS PROFESIONAIS	188.275	188.252	157.551	136.702	139.436
624 TRANSPORTE	168.585	38.937	413.851	200.000	200.000
625 PRIMAS SEGUROS	91.978	105.751	146.660	130.000	130.000
626 SERV. BANCARIOS	58	145	200	200	200
627 PUBLICIDADE/INFORMC/RR.PP.	494.582	401.387	691.984	712.743	734.126
628 SUBMINIST (AUGA, ENERXÍA)	1.668.383	1.586.194	2.256.405	2.324.097	2.393.820
629 OUTROS SERV (PROG CULTURAL, LIMPEZA, SEGUR)	2.249.126	2.744.600	3.156.856	2.556.856	2.607.993
TOTAL	5.698.806	5.914.815	8.088.814	7.349.477	7.520.231

Amortización

DESCRICIÓN	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
DOTACIÓN AMORTIZACION INMOB. MATERIAL	9.831.205	8.634.761	8.066.641
DOTACIÓN AMORTIZACION INMOB. INTANXIBLE	23.529	43.460	52.071
TOTAL	9.854.734	8.678.221	8.118.712

Subvencións concedidas pola entidade

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
AXUDAS AO EMPRENDEMENTO E C. CAPITALIDADE	30.000	0	0
TOTAL	30.000	0	0

I.4.2. Previsións Orzamento de capital

ORIXES

Transferencias e subvencións de capital recibidas

SUBVENCIÓN DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
AMTEGA	389.435		1.585.238
CONSELLERÍA CULTURA EDUCACION E UNIVERSIDADE	7.574.918	8.485.116	4.250.000
TOTAL	7.964.353	8.485.116	5.835.238

Remanente de Tesourería

	2020	2021
1. Fondos líquidos	467.296	5.111.517
2. Dereitos pendentes de cobro (+)	20.521.276	14.565.330
Do orzamento corrente	20.521.276	14.565.330
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
3. Obrigas pendentes de pago (-)	1.941.039	873.220
Do orzamento corrente	1.941.039	873.220
De orzamentos pechados		
De operacións non orzamentarias		
De operacións comerciais		
4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)	0	0
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		
(+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva		
I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)	19.047.533	18.803.627
II. Exceso de financiamento afectado		
III. Saldos de dubidoso cobro		
IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)	19.047.533	18.803.627

APLICACIÓN

Adquisicións de inmovilizado non financeiro

ADQUISICIÓN INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
INMOBILIZADO INTANXIBLE	72.314	19.965	75.000
INMOBILIZADO MATERIAL	8.245.949	8.465.116	5.760.238
TOTAL	8.318.263	8.485.081	5.835.238

Adquisicións de inmovilizado financeiro

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO	REAL 2020	ESTIMADO 2021	PREVISIÓN 2022
Non previstas	0	0	0
TOTAL	0	0	0

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

A totalidade do orzamento de explotación financiarase cos ingresos propios da Fundación, complementados coas subvencións á explotación con cargo á Xunta de Galicia, previstas no presente orzamento. As previsións de financiamento externo das necesidades de explotación son:

Transferencias correntes Xunta: 6.480.052,00 €

As aplicacións de capital financiaranse con cargo á subvención de capital outorgada pola Xunta de Galicia, de acordo coa seguinte distribución atendendo ao axente financiador:

- Consellería de Cultura, Educación e Universidade: 4.250.000,00 €
- Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA): Edificio Ciberseguridade: 1.585.238,00 € (anualidade 2022)

A parte restante dos gastos de capital financianse coas aportacións procedentes doutras entidades, de acordo cos convenios asinados.

Cumprindo cos obxectivos marcados, sen desviacións significativas nas distintas partidas, non existen dúbidas sobre a viabilidade financeira da Entidade, sen que se contemple achegar financiamento alleo, ausente, por outra banda, do balance da Fundación.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.01

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Activo non corrente		229.350	229.361	229.078
I. Inmovilizado intanxible		98	74	97
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas	77	42	75	
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmovilizado intanxible	21	32	22	
II. Bens do patrimonio histórico	529	704	704	
1. Bens inmobles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas	338	338	338	
4. Museos	191	366	366	
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmovilizado material	225.723	225.583	223.277	
1. Terreos e construcións	196.284	217.066	213.369	
2. Instalacións técnicas e outro inmovilizado material	11.254	8.469	7.035	
3. Inmovilizado en curso e anticipos	18.185	48	2.873	
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo	3.000	3.000	5.000	
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros	3.000	3.000	5.000	
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente	25.302	26.718	25.085	
I. Existencias	80	80	80	
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados	80	80	80	
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia	4	4	4	
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	20.521	19.514	20.072	
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos			1	
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios	179	54	72	
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas	20.342	19.460	20.000	
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	4.228	2.000		
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.01

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	5. Outros activos financeiros	4.228	2.000	
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	1	1	1
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	467	5.119	4.927
	1. Tesourería	467	5.119	4.927
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	254.652	256.080	254.163

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.02

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) Patrimonio Neto		249.454	250.024	248.526
A-1) Fondos propios		44.824	43.023	41.854
I. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
1. Dotación fundacional/Fondo social		61.170	61.170	61.170
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)				
II. Reservas		-1	-1	-1
1. Estatutarias				
2. Outras reservas		-1	-1	-1
III. Excedentes de exercicios anteriores		-14.572	-16.346	-18.146
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)		-14.572	-16.346	-18.146
IV. Excedente do exercicio		-1.773	-1.801	-1.169
A-2) Axustes por cambio de valor				
I. Activos financeiros disponibles para a venda				
II. Operacións de cobertura				
III. Outros				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		204.630	207.000	206.672
I. Subvencións		189.048	191.423	191.098
II. Doazóns e legados		15.582	15.578	15.574
B) Pasivo non corrente			2.368	2.336
I. Provisións a longo prazo				
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras previsións				
II. Débedas a longo prazo			2.368	2.336
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros			2.368	2.336
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		5.198	3.688	3.301
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		3.227	2.182	1.521
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito				
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros		3.227	2.182	1.521
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores		30		
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		1.941	1.507	1.780
1. Proveedores		24	8	24
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios		1.604	972	1.328
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)				
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		313	526	427
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		254.652	256.080	254.163

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.03

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Ingresos da entidade pola actividade propia		6.086	6.808	9.070
a) Cotas de asociados e afiliados, y aportaciones de usuarios		11	18	20
b) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		30	60	1.570
c) Subvencións, doazóns e legados de explotación imputados de explotación imputados o excedente do exercicio		6.045	6.730	7.480
d) Reintegro de axudas e asignacións				
2. Ventas e outros ingresos ordinarios da actividade mercantil		39	10	15
3. Gasto por axudas e outros		-30		
a) Axudas monetarias		-30		
b) Axudas non monetarias				
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno				
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados				
4. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación				
5. Traballos realizados pola entidade para o seu activo				
6. Aprovisionamentos		-58	-50	-148
7. Outros ingresos de explotación		583	440	580
8. Gastos de persoal		-1.249	-1.238	-1.402
a) Soldos, salarios e asimilados		-981	-961	-1.104
b) Cargas sociais		-269	-278	-298
c) Provisións				
9. Outros gastos de explotación		-5.733	-5.945	-8.116
a) Servizos exteriores		-5.710	-5.915	-8.081
b) Tributos		-24	-30	-35
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais				
d) Outros gastos de xestión corrente				
10. Amortización do inmovilizado		-9.855	-8.678	-8.119
11. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio		8.058	7.160	6.942
12. Excesos de provisións				
13. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado				
a) Deterioros e perdas				
b) Resultado por alleamentos e outras				
14. diferencia negativa de combinacións de negocio				
15. Outros resultados		312	-18	
Gastos excepcionales		-71	-18	
Ingresos excepcionales		383		
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12+13+14+15)		-1.847	-1.512	-1.178
16. Ingresos financeiros		74	5	9
a) De participación en instrumentos do patrimonio				
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros		74	5	9
17. Gastos financeiros			-294	
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas				
b) Por débedas con terceiros.			-294	
c) Por actualización de provisións				
18. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros				
19. Diferencias de cambio				
20. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros				
21. imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financeiro				
22. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro				
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (16+17+18+19+20+21+22)		73	-289	9
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)		-1.773	-1.801	-1.169
23. Imposto sobre beneficios				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+23)		-1.773	-1.801	-1.169
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Subvencións recibidas		13.009	14.245	12.315

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.03

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
	2. Doazóns e legados recibidos			
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5)	13.010	14.245	12.315
	C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO			
	1. Subvencións recibidas	-13.099	-13.881	-13.417
	2. Doazóns e legados recibidos	-1.005	-1.004	-1.004
	3. Outros ingresos e gastos			
	4. Diferencias de conversión			
	5. Efecto impositivo			
	C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)	-14.104	-14.885	-14.422
	D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)	-1.094	-641	-2.106
	E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO			
	F) AXUSTES POR ERROS			
	G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL			
	H) OUTRAS VARIACIÓN			
	I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)	-2.867	-2.441	-3.275

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.04

FUND.PUBL. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	-1.773	-1.801	-1.169
2. Axustes no resultado	1.731	1.807	1.168
a. Amortización do inmovilizado (+)	9.855	8.678	8.119
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	8		
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-8.058	-7.160	-6.942
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)	-74	-5	-9
h. Gastos financeiros (+)		294	
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-4.141	542	-285
a. Existencias (+/-)	-14		
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	1.511	1.550	-47
c. Outros activos correntes (+/-)	-867		
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	-4.771	-1.008	-238
e. Outros pasivos correntes (+/-)			
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	74	-288	9
a. Pagos de intereses (-)		-294	
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)	74	5	9
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	-4.109	260	-277
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-6.850	-9.767	-6.496
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)	-72	-20	-75
c. Inmovilizado material (-)	-6.616	-9.747	-6.421
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)	-161		
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)	1.000	2.228	
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)	1.000	2.228	
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-5.850	-7.539	-6.496
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	7.964	10.730	6.581
a. Aportacións a toción fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)	7.964	10.730	6.581
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro	1.735	1.200	
a. Emisión	1.735	1.200	
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)	1.735	1.200	

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2022

Formulario F.04

FUND.PUBL. CIUDE DA CULTURA DE GALICIA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2020	ESTIMADO 2021	ORZAMENTO 2022
b. Devolución e amortización de:			
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	9.699	11.930	6.581
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-260	4.652	-192
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	727	467	5.119
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	467	5.119	4.927

